

Adenda da programación didáctica

ETAPA e CURSO
4 ESO

DEPARTAMENTO/ AREA OU MATERIA

E. FÍSICA

Segundo o establecido na ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE:

1. Introducción e contextualización.
2. Avaliación e cualificación.
 - 2.1 Metodoloxía e actividades para o período final do terceiro trimestre.
 - 2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).
3. Información e difusión.

1. Introducción e contextualización:

A Orde do 27 de decembro de 2022 fixo que tiveramos que adaptar as programacións didácticas da etapa da ESO aos cambios que dela derivan.

A normativa establece que o alumnado da ESO ten dereito a tres avaliacións parciais e a unha avaliación final. Polo tanto os departamentos teñen que organizar as distintas *actividades de recuperación* para o alumnado que non superara algunha parte dunha materia.

Isto realizarase sempre antes da data establecida no centro para a sesión de avaliación parcial e final, que se levarán a cabo nunha mesma e única sesión.

A Educación física é un área que evoluciona ó longo da etapa da ESO, incrementando o nivel de esixencia en cada unha das propostas que se fan nas Unidades Didácticas. Ademais o grao de autonomía que se lles esixe ás rapazas e rapaces tamén se vai incrementando.

Por este motivo aqueles rapaces e rapazas que non superen a área poderán recuperala superando os contidos do curso superior. Aínda así, tradicionalmente plantexo unhas probas específicas de recuperación para as probas extraordinarias que se poidan facer. 2º. Proba técnica. Execución técnica dunha habilidade propia de cada U.D desenvolta nese curso seguindo os criterios recollidos na programación de U.D en canto á corrección na execución, no nivel de rendimento e explicación da técnica e táctica.

2. Avaliación e cualificación.

2.1 Metodoloxía e actividades previstas para o período final do terceiro trimestre.

Aqueles rapaces e rapazas que non superen unha parte ou a área completa poderán recuperala facendo unha serie de probas de recuperación, que se farán nas datas establecidas nos últimos días de clase. Nesas sesións finais coordinaremos as tarefas para aqueles rapaces e rapazas que teñen a materia superada con outras que poidan axudar a aqueles que teñan que recuperar alguna parte do curso.

As probas extraordinarias de recuperación consistirán nas seguintes tarefas:

- Presentación do caderno de clase completo e coa presentación axeitada.
- Realización dun exame teórico que recolla aqueles contidos de tipo teórico que se traballaron en cada unha das U.D dese curso, que non superaran.
- Proba práctica que terá varias partes:
- 1º. Proba condicional. Carreira, abdominais, flexións no chan e proba de flexibilidade seguindo os criterios recollidos na programación de U.D en canto á corrección na execución, nivel de rendimento e explicación da execución dende o punto de vista da saúde.
- 2º. Proba técnica. Execución técnica dunha habilidade propia de cada U.D non superada seguindo os criterios recollidos na programación de U.D en canto á corrección na execución, no nivel de rendimento e explicación da técnica e táctica.

Na parte práctica cada alumno ou alumna fará a parte que lle corresponda, en base ás calificacións suspensas nos trimestres previos.

2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).

As necesidades específicas do alumnado serán traballadas tal como se recolle na programación, adaptando contidos e tarefas. Na parte práctica o emprego dunha avaliación referida á propia execución inicial garante unha xusta valoración dos logros individuais e ven sendo un éxito neste centro dende hai moitos anos.

3. Información e difusión.

O alumnado que teña que recuperar a materia ou parte dela recibirá un informe individualizado a principios do mes de Xunio no que se lle especificará o xeito e contido da materia pendente.

Este informe plasmará especificamente as probas que cada rapaza ou rapaz ten que facer, en función, dos aspectos da área que non estean superados.